

*PLAN*  
*IGUALDADE*

*CEIP ANTONIO BLANCO*  
*RODRIGUEZ COVELO.*

*Curso 2019/2020.*

## **INDICE**

**INTRODUCCIÓN**

**CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA DO CENTRO**

**ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO.**

**OBXECTIVOS COEDUCATIVOS DESENVOLVIDOS A TRAVÉS DO PLAN EN CANTO AOS SEGUINTE TEMAS:**

**4.1 PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.**

**4.2 PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO.**

**4.3 PROMOCIÓN DO RESPECTO POLA DIVERSIDADE AFECTIVO -SEXUAL.**

**4.4 PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE LGBTIFOBIA.**

**5.MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTE ÁMBITOS:**

**5.1. ORGANIZACIÓN DO CENTRO.**

**5.2. ELIMINACIÓN DOS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO NA TRANSMISIÓN DOS VALORES E DOS SABERES.**

**5.3. XESTIÓN DOS ESPAZOS, DOS RECURSOS E DAS OPORTUNIDADES DE REALIZACIÓN VOCACIONAL DE XEITO INCLUSIVO.**

**5.4. INCLUSIÓN DOS VALORES COEDUCATIVOS NA XESTIÓN DA CONVIVENCIA ESCOLAR:**

**6. ACTIVIDADES CONCRETAS.**

**7.SEGUIMENTO E AVALIACIÓN.**

## 1. INTRODUCCIÓN

A lexislación educativa, que vehícula as políticas públicas en materia de igualdade dirixidas aos centros educativos, inspírase nun marco legal con multitude de normas de ámbito internacional, estatal e autonómico que teñen como principio reitor a **igualdade entre homes e mulleres**.

Para impulsar o modelo de escola coeducativa, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional (en diante CEUFP), xunto coa Secretaría Xeral da Igualdade, aprobou o I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016- 020, para desenvolver o principio de igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero. E para organizar as propostas de traballo do noso centro educativo elaborase este **Plan de igualdade**, no que se propoñen as medidas de actuación que nos propoñemos para alcanzar os obxectivos coeducativas.

Dende o noso centro, enmarcados dentro da lexislación vixente, xa se veñen levando a cabo unha serie de accións encamiñadas a promover a igualdade entre homes e mulleres como son:

- *nomeamento dunha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar.*
- *activación de protocolos ou medidas de intervención para abordar condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.*
- *concreción dos obxectivos coeducativos a través dos plans do centro.*
- *difusión dos obxectivos coeducativos entre os distintos membros da comunidade*
- *educativa para a súa información e sensibilización.*
- *de□inición das medidas de acompañamento do protocolo de identidade de xénero.*

- *concreción dos contidos dunha educación afectiva -sexual integral para todo o alumnado do centro.*
- *promoción dunha orientación laboral e profesional libre de estereotipos de xénero.*
- *realización de actividades dirixidas a todo o alumnado co gallo das datas sinaladas no calendario escolar oficial (25 de novembro, 8 de marzo e celebracións LGBTI).*

## 2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO.

O Ceip Antonio Blanco Rodríguez imparte ensinanzas referidas ao 2º ciclo da etapa de Educación Infantil e a etapa de Educación Primaria. Conta cunha liña por nivel. En total nove niveis educativos, nos que se escolarizan neste curso académico 98 alumnos.

Lexislación aplicable:

- **Decreto 8/2015 8 de xaneiro**, polo que se desenvolve a **Lei 4/2011, do 30 de xuño**, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- **Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio**, de Educación (LOE).
- **Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro**, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).
- **Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación** educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Orde do 24 de xullo de 1998**, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998.
- **Decreto 229/2011, do 7 de decembro**, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de

Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

- **Decreto 330/2009, do 4 de xuño**, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Decreto 105/2014, do 4 de setembro**, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

\* Nos documentos de organización de Centro, atopámonos coas seguintes cuestións relacionadas coa igualdade de xénero e a coeducación:

➔ **O Plan de convivencia**, aprobado polo claustro do Ceip Antonio Blanco Rodríguez en reunión de data 30 xaneiro de 2018 e ratificado polo Consello Escolar en reunión de data 30/1/18. Entre os obxectivos deste Plan, destacamos os seguintes:

- *Fomentar nos centros docentes os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.*

- *Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.*

➔ **O Proxecto Educativo**. Entre os obxectivos do noso Proxecto educativo, destacamos os seguintes

- *Acadar uns niveis óptimos de convivencia entre tódolos membros que constitúen o Centro Educativo en particular e a Comunidade Educativa en xeral.*

- *Inculcar hábitos que fomenten a igualdade das persoas, sen distinción de ideoloxías, sexos, relixións, clases sociais.*


➔ **O plan Xeral de Atención á diversidade**. Entre os obxectivos deste Plan, destacamos o seguinte:

- *Previr, detectar e avaliar as necesidades educativas do alumnado do centro derivadas dos distintos factores que causan a diversidade de condicións persoais, dispoñendo os instrumentos e estratexias máis adecuadas.*

### 3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO.

#### COMPOSICIÓN DO CENTRO (número de mulleres e número de homes)

- Composición do **equipo directivo**




- Composición do **profesorado**




- Composición do **alumnado por curso**


#### 4º Educación Infantil




#### 5º Educación Infantil




- 6º Educación Infantil




### 1º Educación primaria




### 2º Educación primaria




### 3º Educación primaria




### 4º Educación primaria



### 5º Educación primaria




- 6º Educación primaria



### TOTAL ALUMNADO




- Composición do **persoal non docente**





- Composición del **consello escolar**



- x **USO DE ESPAZOS ESCOLARES.**

Actualmente , o patio no patio escolar estamos a traballar mediante o Plan Proxecta, por recunchos; o patio está dividido por zonas , e establececese mediante un horario que grupo lle corresponde en cada zona, logrando deste xeito rotas a todo o alumnado por todas as zonas: campo de fútbol, pista de tenis, pista de padel, zona de xogos tradicionais etc.

- x **ESCOLA DE NAIS E PAIS.**

Dende fai xa varios cursos, no centro temos una escola de nais e pais. Nos primeiros anos un 10% dos asistentes eran mulleres, pero dende fai 3 cursos o 100% son mulleres.

- x **REUNIÓNS DOS PAIS/NAIS CO PROFESORADO.**

Podemos dicir que en máis do 70% das reunións cos titores as que asisten son as nais.

En Xeral, podemos dicir que se cumpren con frecuencia os estereotipos existentes con respecto á educación dos fillos , que na maioría das ocasións recae sobre a figura materna.

- x **SITUACIÓN CONVIVENCIA NO CENTRO.**

Segundo a memoria do Plan de Convivencia do curso pasado, os obxectivos proposto no Plan de convivencia acadáronse satisfactoriamente. Temos que facer fincapé en que , en liñas xerais, apenas se deron conflitos entre o alumnado, e que tan só se fixeron dous

partes de apercibimento a un alumno na último mes do curso. Os pequenos conflitos do día a día foron atallados, en primeira instancia polos titores ( a través do Plan de acción tutorial) e como reforzo en algunhas ocasións con intervencións grupais e individuais pola orientadora e noutras tamén co apoio o equipo directivo.

Considero importante facer fincapé neste apartado, no feito de algúns dos conflitos non surxiron no centro, senón que a súa orixe estaba fora da escola, e en algúns casos a orixe estaba nas redes sociais (whatsapp e instagram por exemplo); de ahí que teñamos que recalcar a importancia de concienciar tanto a pais como a alumnos do uso “adecuado” das redes sociais”.

#### 4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS DESENVOLVIDOS A TRAVÉS DO PLAN EN CANTO AOS SEGUINTES TEMAS:

##### 4.a) PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Serán obxectivos desta área:

- *Incluír a igualdade de mulleres e homes no proxecto educativo do centro, nas programacións curriculares e na asignación de responsabilidades e espazos.*
- *Realizar periodicamente formación para os docentes en coeducación e estratexias para favorecer a educación en igualdade de xénero.*
- *Seleccionar materiais escolares, libros de texto, recursos pedagóxicos e proxectos educativos non sexistas, así como traballar contidos que fomenten os valores de igualdade, como, por exemplo, cancións, libros, referencias e modelos que contribúan a ofrecer unha visión nova e máis acorde coa igualdade entre os sexos.*
- *Estipular que o profesorado evite tratar de forma diferente aos nenos e ás nenas en clase segundo o seu xénero e motivar a participar por igual nas tarefas da aula e a compartir por responsabilidades da mesma forma.*
- *Concienciar sobre a desigualdade en que se educa a mozos e mozas adestrando en técnica para identificar estereotipos sexistas.*

- *Fomentar en clase e fóra dela xogos e xoguetes neutros, cooperativos e compartidos. Establecer, como política de centro, que o patio sexa coeducativos, é dicir, que contén con espazos ben diferenciados.*
- *Colaborar coas familias e formais para proporcionarlles pautas e criterios a practicar en casa para evitar os estereotipos sexistas.*

#### 4.b) PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO.

Posto que estamos nun centro de educación Infantil e primaria, centrarémonos en obxectivos para a prevención, así como na detección e protección de menores fillos de vítimas de violencia de xénero. Serán obxectivos desta área:

- *Garantir a protección do interese superior do/a menor implicado/a, como principio fundamental que presida todas e cada unha das actuacións que leven a cabo .Así mesmo, terase en conta que as fillas e fillos de mulleres que sofren violencia de xénero, son vítimas directas da devandita violencia.*
- *Mostrar os factores de risco que levan a unha relación de malos tratos.*
- *Identificar o problema da violencia de xénero, tanto física como psíquica, sexual e social*
- *Desmitificar as falsas crenzas cos que se asocia ao maltratador e á muller vítima.*
- *Reflexionar co alumnado para poder facer unha atribución adecuada do fenómeno.*
- *Concienciar sobre os indicadores de risco nas relacións de parella e dotarlles de habilidades para evitalos.*

- *Motivar o cambio de crenzas e valores interiorizados sobre a base dunha falsa masculinidade/feminidade que pode xerar conflitos en nós e nós mesmos así como en relación co resto da sociedade.*
- *Tomar conciencia do risco no que se atopan de exercer ou padecer malos tratos nas súas futuras relacións de parella a consecuencia do machismo que se segue interiorizando*

#### 4.C) PROMOCIÓN DO RESPECTO POLA DIVERSIDADE AFECTIVO-SEXUAL.

Serán obxectivos desta área:

- *Adquirir coñecementos básicos acerca do feito sexual humano(aspectos biolóxicos, psíquicos e sociais) co fin de cuestionar e eliminar crenzas e prexuízos infundados, solicitando a axuda doutras persoas en caso de necesidade e utilizando de forma crítica os recursos que temos ao noso alcance.*
- *Desenvolver unha actitude de naturalidade ante a sexualidade, entendendo esta como forma de comunicación humana e fonte de saúde,pracer, afectividade e , cando se desexa, de reprodución.*
- *Ir consolidando unha identidade sexual libre de elementos de xénero discriminatorios, entendendo a plasticidade do feito sexual humano como unha realidade positiva e desenvolvendo hábitos, actitudes e condutas saudables ao redor da sexualidade.*
- *Establecer o diálogo e a comunicación sobre os temas sexuais no interior do grupo de iguais, en a familia e en a escola; desenvolvendo un vocabulario preciso e non discriminatorio en relación coa sexualidade.*
- *Desenvolver unha ética social, onde as relacións entre as persoas estean baseadas na igualdade,o respecto e a responsabilidade*

#### 4.D) PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE LGBTIFOBIA.

Imediatamente que se detecte un caso de acoso, violencia ou malos tratos por diversidade sexual ou de xénero poranse en marcha as medidas establecidas na normativa vixente e no Plan de Convivencia. Se non é posible a solución coas

medidas establecidas no Plan de Convivencia, activaranse o protocolo educativo en caso de acoso escolar contemplados na normativa vixente e informaranse á Inspección educativa. Cando se detecte algún indicador de malos tratos cometidos por proxenitores ou titores legais, deberá notificarse aos servizos competentes en materia de protección á infancia e aos servizos sociais municipais.

Serán obxectivos desta área:

- *Promover unha contorna de respecto e corrección no centro inculcando a toda a comunidade educativa os valores de igualdade de trato, respecto, dignidade e desenvolvemento da personalidade libre.*
- *Prohibición das insinuacións ou manifestacións que sexan contrarias a os principios apuntados, tanto na linguaxe, como nas comunicacións e nas actitudes. Entre outras medidas, débese eliminar calquera feito/actitude que conteña unha visión LGTBIfóbica ou incite a LGTBIfobia.*

## 5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTE

### ÁMBITOS

#### 5.1. ORGANIZACIÓN DO CENTRO:

- favorecer a representación de homes e mulleres nos órganos de decisión e representación de xeito equitativo.
- nomear unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar para participar no impulso do Plan de igualdade.
- difundir o plan entre os distintos axentes da comunidade (con especial atención ás familias).
- promover a formación do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade.
- empregar unha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro.
- colaborar con outras entidades na realización de actividades coeducativas: Concello, Cruz Vermella, Asociacións como Amaina que colabora con este centro dente fai varios cursos.

\* Conmemoración de datas coeducativas do calendario escolar (25 de novembro, 8 de marzo, celebracións LGBTI etc.).

Dende o Departamento de Orientación, vense promovendo o Concurso de Carteis contra a violencia de xénero para conmemorar o día 25 de novembro. Estes carteis mantéñense expostos durante todo o curso no comedor escolar.

- Traballar A COEDUCACIÓN de xeito transversal:

### **Competencia de comunicación lingüística.**

Traballarase este apartado a través do uso adecuado da linguaxe, evitando discriminación por razón de sexo. Ademais deberían desenvolverse actividades nas que os alumnos e alumnas utilicen a linguaxe para expresar os seus propios sentimentos así como actitudes de rexeitamento ante os diferentes tipos de discriminación.

### **Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico natural.**

Traballaremos en clase para favorecer o coñecemento do propio corpo, procurando coñecer as diferenzas entre mozos e mozas; diferenzas que son necesarias coñecer para poder eliminar estereotipos. Teremos especial atención á hora de educar na igualdade sen caer nos roles de xénero no xénero como estancos únicos, hai moitas formas de ser e sentirse mulleres ou homes, hai persoas que non senten que o seu sexo biolóxico estea en consonancia coa súa identidade de xénero e persoas con orientacións sexuais diversas (lesbianas, gais, bisexuais e heterosexuais). A nosa sociedade é plural e todas as persoas deben ter os mesmos dereitos independentemente da súa identidade de xénero ou orientación sexual. **Tratamento da información e competencia dixital.**

Debemos ensinar ao noso alumnado a analizar as mensaxes que nos proporcionan os medios de comunicación con respecto aos roles aplicados ao home e á muller, favorecendo o xuízo crítico ante eles, así como ao modelo de familia heterocentrista que se espera reproduzan tanto mulleres como homes, insensibilizando así outros modelos de familia igualmente válidos e que deben estar representados.

### **Competencia social e cidadá.**

Co presente plan incluído na programación do centro, procuramos fomentar valores e actitudes necesarios para que os nosos alumnos e as nosas alumnas poidan vivir en sociedade, eliminando todo tipo de violencia e de discriminación na contorna máis próxima. Pretendemos que adquiran o valor da igualdade, pero non que o entendan como un feito illado que traballaron un día na escola, senón como unha actitude desexable e necesaria por e para a sociedade. Isto conseguirase a través da realización de actividades lúdicas e próximas a eles e incluíndo de forma transversal nos contidos e situacións de aprendizaxe.

### **Aprender a aprender.**

Potenciaremos o traballo cooperativo para realizar murais e postas en común en clase, pero non podemos esquecer o desenvolvemento individual do alumnado.

### **Iniciativa e autonomía persoal.**

Algunhas das nosas actividades no presente plan están orientadas a que os nosos alumnos sexan autónomos tanto en casa como na escola. Isto formará as bases para que sexan autónomos en o día a día. Tamén potenciaremos a iniciativa no traballo de clase, pedindo persoas voluntarias para levar a cabo distintas tarefas e sendo recompensados/as por iso con eloxios positivos ou calquera outra recompensa que utilicemos en clase (cariñas sorriso selo, etc.)

- promover pautas de actualización curricular e revisión do material didáctico con perspectiva de xénero.
- participar en programas específicos de igualdade de xénero para traballar a coeducación desde o currículo etc.

## **5.2. ELIMINACIÓN DOS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO NA TRANSMISIÓN DOS VALORES E DOS SABERES:**

- revisar as programacións didácticas e a práctica docente desde unha perspectiva de xénero: para incluír as mulleres relevantes en cada ámbito do saber, os saberes asociados tradicionalmente ás mulleres, as desigualdades de xénero, para completar a historia da humanidade...

- revisar o material didáctico empregado na aula (valores, normas, representacións, selección dos contidos, dos personaxes, das imaxes, da linguaxe, da proposta de actividades).
- realizar actividades de sensibilización na aula , através do Plan de acción tutorial.
- realizar actividades de información e sensibilización coas familias, a través da escola de nais e pais e das entrevistas (titorías) co profesorado.

### 5.3. XESTIÓN DOS ESPAZOS, DOS RECURSOS E DAS OPORTUNIDADES DE REALIZACIÓN VOCACIONAL DE XEITO INCLUSIVO:

- difundiremos información a través dos taboleiro no centro: No taboleiro sito na entrada do comedor (TABOLEIRO COEDUCATIVO) colocaremos toda a información relativa ás actividades/concursos/novidades relacionadas coa coeducación e a igualdade. Así mesmo seguiremos contando cun espazo na parede do comedor para expoñer os traballos realizados reativos á coeducación.
- promoveranse lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar. Crearemos un recuncho da igualdade con libros coeducativos ,non sexistas; para elo utilizaremos a guía de literatura infantil e xuvenil para a igualdade editada pola Xunta de Galicia.
- revisarase a idoneidade dos contidos audiovisuais das actividades do centro.
- revisarase a idoneidade das entidades colaboradoras co centro en canto ao respecto á diversidade sexual e de xénero.
- empregaremos contidos de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara igualdade real.
- continuaremos coa xestión das actividades do patio para favorecer a inclusión.
- promoveremos a prevención ante a discriminación por razón de sexo,xénero ou orientación sexual dende o ámbito da orientación educativa.



#### 5.4. INCLUSIÓN DOS VALORES COEDUCATIVOS NA XESTIÓN DA CONVIVENCIA ESCOLAR:

- promover o respecto e do bo trato entre mulleres e homes.
- promover actividades de coidado entre persoas, do medio ambiente etc.
- promover o respecto cara á diversidade sexual e de xénero.
- promover metodoloxías activas participativas e cooperativas.
- promover a corresponsabilidade na realización das tarefas.
- promover actividades de intervención social na comunidade educativa.

#### 6. ACTIVIDADES CONCRETAS

- **TABOLEIRO COEDUCATIVO:** colocaremos toda a información relativa ás actividades/concursos/novidades relacionadas coa coeducación e a igualdade. Así mesmo seguiremos contando cun espazo na parede do comedor para expoñer os traballos realizados reativos á coeducación.
- **BIBLIOTECA ESCOLAR** Crearemos un recuncho da igualdade con libros coeducativos ,non sexistas; para elo utilizaremos a guía de literatura infantil e xuvenil para a igualdade editada pola Xunta de Galicia.
- **CONCURSO DE CARTEIS** contra a violencia de xénero para conmemorar o día 25 de novembro. Estes carteis mantéñense expostos durante todo o curso no comedor escolar.
- **CONMEMORACIÓNS:** Preténdese unha actuación global no centro con actuacións xeneralizadas para toda a comunidade educativa, no que se englobarán as realizadas ao redor de datas emblemáticas :

16 de novembro: Día da tolerancia;

20 de novembro: Día dos dereitos da infancia;

25 de novembro: Día contra a violencia de xénero;

6 de decembro: Día da constitución;

10 de decembro: Día da Declaración Universal dos dereitos Humanos;

30 de xaneiro: Día da paz;

8 de marzo: Día da muller traballadora;

23 de abril: Día do libro

15 de maio: Día da familia

- **PROGRAMA DE EDUCACIÓN EN VALORES.** Dende o Departamento de Orientación , elaborouse un programa de educación en valores a través de curtametraxes e contos ; decatamos a continuación os máis relevantes a ter en conta en este Plan:

ROSA CARAM,ELO/ ARTURO E CLEMETINA/ UNA FELIZ CATASTROFE/ EL PRINCIPE CENICIENTO.

- **ESCOLA DE NAIS E PAIS.:** Será un obxectivo primordial desta escola, a coeducación, a igualdade, o respecto e a tolerancia.
- **XORNAL ESCOLAR:** Todos os anos o alumnado do centra elabora un Xornal escolar. Aproveitaremos este recurso para crear un apartado de IGUALDADE.
- **OLIMPIADAS:** Dende fai varios cursos, celebramos no mes de maio as olimpíadas escolares con equipos heteroxéneos e deportes diversos. Continuaremos na mesma liña, afondando máis na importancia de visibilizar a muller no deporte.

### **OUTRAS ACTIVIDADES PARA FACER NO DÍA A DÍA::**

No día a día das aulas, e a través do Plan de acción titorial, podemos:

- Enumerar as tarefas que fan os diferentes membros da familia e facer un cartaz coas tarefas que fai o alumnado e as que pode facer.

- Elaborar tarxetas personalizadas co perfil profesional das nais traballadoras e posterior exposición no taboleiro.
- Biblioteca de aula: recompilación de lecturas e artigos relacionados coa igualdade entre homes e mulleres evitando estereotipos.
- Recoller información de xogos populares e levar a cabo sesións onde participen os nenos/as e as familias, compartido con centros próximos.
- Dramatización de pequenas escenas sobre comportamentos e linguaxe non axeitadas para poder previlas.
- Buscar artigos relacionados coa homofobia e transfobia e comentalos en clase para normalizar a situación.

## 7. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Para asegurar o éxito deste Plan é necesario definir e pór en marcha mecanismos de seguimento das actuacións e medidas que o desenvolven, á vez que estratexias de avaliación que permitan valorar dunha maneira sistemática e rigorosa o alcance real das devanditas actuacións e ofrecer información relevante para orientar a toma de decisións de face a potenciar os logros e a corrixir as posibles disfuncións.

Trátase dunha avaliación que se entende como un exercicio de responsabilidade individual e tamén colectiva, e que implica un proceso de reflexión e análise sobre as actuacións que se van desenvolvendo e sobre o resultado das mesmas. Pero, tamén, dunha avaliación que estimule a participación de todas as persoas implicadas no desenvolvemento do Plan.

Utilizaremos durante todo o proceso unha avaliación continua e formativa.

QUE AVALIAR?

- ➔ O **alumnado**: actitudes, participación activa, interese e motivación e grao de consecución dos obxectivos expostos..

Criterios de Avaliación :

- *Utiliza ou sabe utilizar a linguaxe coeducativo.*
- *Respecta as diferenzas dos compañeiros/as.*
- *Valora e participa nas actividades propostas.*
- *Discrimina entre imaxes sexistas e non sexistas.*

➔ O **profesorado**: traballo realizado, implicación, participación e grao de consecución dos obxectivos expostos en relación ao equipo docente do centro educativo.

Criterios de Avaliación :

- *Grao de implicación no proxecto.*
- *Capacidade para deseñar estratexias e recursos*

➔ As **actividades**: grao de adecuación da actividade ou actividades expostas ao alumnado e á contorna sociocultural e/ou o grao de adecuación das actuacións desenvolvidas para a consecución dos obxectivos.

Criterios de Avaliación:

- *O proxecto foi interesante para alumnado e docentes.*
- *O desenvolvemento da actividade axustouse ao programado.*

➔ **Materiais e recursos**: calidade e uso dos materiais recompilados e elaborados polo equipo de traballo do Plan.

Ao remate do curso farase unha Memoria deste Plan no que se recollerán as conclusións/ debilidades etc e as propostas de mellora para o vindeiro curso.